

CONSELLO DA CULTURA GALEGA
GALLAECIAE MONUMENTA HISTORICA

127

1433, xaneiro, 6

Pedro das Rayas, mareante de Pontevedra, declara que debe entregar a Gomes Gonpano, mercader da vila, 10 milleiros de sardiña arencada, polos que xa recibiu o prezo acordado. Promete entregalos antes do mes de decembro.

(f. 61)

Seys dias do dito mes. Sabean todos que eu Pero das Rayas, mareante, besiño da villa de Pontevedra, que soo presente, conosco et outorgo que devo et ey de dar et pagar a vos Gomes conpano, mareante, besiño da dita villa, que sodes presente, dies millares de sardiña arencada, sequa et apurada et boa et merchante et tal que seja de dar et de tomar de mercador a mercador, por los quaes ditos dez millares da dita sardiña arencada eu de vos resçebi a contia de mrs. por que vos los ouve et ey de dar, et de que me outorgo por entrego et pago a toda m?a voontade, et renunçio etc. Et os quaes ditos dies millares da dita sardiña arencada vos prometo et outorgo de dar et pagar doje este dia ata en todo o mes de desembre primeiro que ven deste dito ano por m? et por todos meus bees, et so pena do doblo etc. Et non lle pagando, quelle pague a como valuer ?no regno de Aragon etc.

Testemoyas: Afonso Dias, alfayate das Travancas, et Pero de Melide, çapateiro, et Fernan Lopes, alfayate.

Este dia o dito Gomes conpano quiso que morrendo o dito Pero das Rayas ante que lle pagase, que fose quitado dita sardiña, salvo que lle pagase dosentos mrs. blanqua en tres dineiros, que lle por la dita sardiña dera etc. Testemoyas ut supra.